

ACTA Nº 8/2011

CONCELLO DE PARADELA

PROVINCIA DE LUGO

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA VINTE E DOUS DE SETEMBRO DE DOUS MIL ONCE.**

En Paradelas, a vinte e dous de setembro de 2011.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Extraordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D<sup>a</sup> SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D. ELISEO LÓPEZ RODRÍGUEZ
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> MONTSERRAT MULET SAR
- D. SECUNDINO PÉREZ LÓPEZ
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D<sup>a</sup>. ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ
- D. SENÉN LÓPEZ GARCÍAç

Non asiste a sr. Concelleira D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> TERESA VEIGA RODRÍGUEZ, que xustificou a súa ausencia por motivos persoais de saúde.

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

**1º-. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 28 DE XULLO DE 2011.**

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 28 de xullo de 2011, da que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación da acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 28 de xullo de 2011.

O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos dez Concelleiros que asisten á sesión, (oito do grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal Socialista) sendo once o número legal de membros.

### **2º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIONS DE ALCALDÍA.**

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucions de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario.

Por parte do Sr. Alcalde manifestase que calquera cuestión sobre as mesmas, sexa plantexada solicitando ver o correspondiente expediente ante un funcionario, o cal será amosado e explicado sen ningún problema.

### **3º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2010.**

Abre este punto da orde do día o Sr. Alcalde manifestando que a Conta foi informada pola Comisión Especial de Contas, sendo un resumo do exercicio 2010, quedando por parte da Corporación o trámite de aprobación, polo que se somete a mesma ao Pleno.

Sen que se produza debate algún e sometida a votación ordinaria, o Pleno por maioría absoluta cos oito votos a favor dos membros do Grupo Municipal Popular e a abstención dos dous membros do Grupo Municipal Socialista, sendo once o número legal de membros; acordou:

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2.010 nos termos e coa documentación que consta no expediente.

SEGUNDO.- Render a Conta Xeral ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas do Estado, nos termos previstos na normativa aplicable.

### **4º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE PARADELA.**

Por parte do Alcalde-Presidente procédese a lectura da seguinte proposta de Alcaldía: “Vista a inspección realizada pola Xunta de Galicia, Consellería de Traballo e Benestar en data 6 de setembro de 2011, onde se indicaba a necesidade de modificar o artigo 9 do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Paradelas aprobado en Pleno de data 25 de marzo de 2009 e publicado no BOP nº 117 de data 25 de maio de 2011, para adaptalo ao disposto no artigo 4.5 da Orde do 22 de xaneiro de 2009 da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar pola que se regula o servizo de axuda no fogar.

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE PARADELA, que quedará redactado da seguinte forma:

**ARTIGO 9º- ACTUACIÓN EXCLUÍDAS:**

- A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordó de servizo recollidos no artigo 12º da Orde do 22 de xaneiro de 2009 da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar pola que se regula o servizo de axuda no fogar.

- Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

Redacción actual do artigo 9 :

*Artigo 9º- ACTUACIÓN EXCLUÍDAS*

*-Atender a outros membros da familia ou achegados que vivan no mesmo domicilio, cando o usuario do servizo sexa unha persoa en concreto.*

*-Facer arranxos de certa complexidade na vivenda (pintar, empapelar as paredes, etc).*

*-Limpeza da casa que non estea directamente relacionada co servizo personalizado ao usuario, sempre que este non viva só.*

*-Prestación do servizo fóra das horas estipuladas para cada usuario.*

*-Ir a buscar ao usuario a un lugar distinto que non sexa o seu domicilio habitual, excepto en casos excepcionais.*

*-Funcións de carácter sanitario e, en xeral, aquelas que requiran unha formación ou especialización da que carecen os profesionais que prestan o servizo como: poñer inxeccións, tomar a tensión, colocar ou quitar sonda, subministran unha medicación que implique certo grao de coñecemento ou especialización por parte de quen a administre, axudar ao usuario na realización de exercizos específicos de rehabilitación ou mantemento...*

*-Todas aquelas tarefas que non se axusten ao plan de coidados establecido para cada caso concreto.*

SEGUNDO.- Expor ao público o expediente e conceder audiencia aos interesados, por prazo de trinta días a efectos de reclamacións e suxerencias, conforme o preceptuado no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

TERCEIRO.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra a mesma, considerárase definitivamente aprobado, debendo publicarse o texto íntegro da modificación do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello.

Paradela, 8 de setembro de 2.011. O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

Procedeuse á votación, resultando aprobada pola unanimidade dos dez Concelleiros que asisten á sesión, (oito do grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal Socialista) sendo once o número legal de membros.

**5º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA Á POSTA EN VALOR DO PARQUE BIOSALUDABLE.**

Por parte do Grupo Municipal Socialista presentouse a seguinte Moción, en tempo e forma, relativa á posta en valor do Parque Biosaludable co seguinte tenor literal:

*A Concelleira Dna. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Paradela, ó abeiro do disposto nos artigos, 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, 97 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999 do 21 de abril, de Modificación da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:*

**MOCIÓN RELATIVA Á POSTA EN VALOR DO PARQUE BIOSALUDABLE”**

**Exposición de motivos:**

*Tendo en conta a inversión de 7.311,16 € (factura de Gestibeca Sport, S.L. segundo a acta de Xunta de Goberno nº 15/2010) dos 6 aparatos para o parque biosaludable que foron instalados no paseo fluvial da Ruxidoira esta última primavera, tendo en conta os beneficios para a saúde contrastados que este tipo de instalación pode ter si se utilizan periódicamente, o grupo socialista considera que é una pena non poner en uso ditos aparatos. Hai moita xente que nin sabe da súa existencia. Polo tanto propoñemos os seguintes*

**Acordos:**

*1.-Que se ofrezca ao público, por parte de un monitor, unas clases para indicar o uso correcto dos distintos aparatos e incluso uns esquemas de uso combinado dos mesmos. Ocorrésenos que se poden ofrecer una hora á semana, varias semanas, de xeito que se acheguen os interesados para facer práctica dirixidos por un profesional.*

*Deste xeito, polo menos mentres o clima nolo permita, non só se pon en valor o parque biosaludable senón o propio paseo da Ruxidoira*

*En Paradela, a 12 de setembro de 2011. Asdo.: Sonsoles López Izquierdo. Voceira do Grupo socialista.*

Unha vez posto de manifesto todo o anterior, toma a palabra o Sr. Alcalde, dicindo que os veciños da capitalidade coñecen e utilizan os aparatos do Parque, sinalando que si hai carteis informativos de como utilizar os aparatos recoñecendo que poderían ter un maior uso e que deben ser as persoas as que se dirixan aos seus facultativos para que lle indiquen que tipo de actividades poden facer.

Di ademais que o de por un monitor deportivo tal e como se sinala na Moción, deberíaselle encargar á Deputación.

A Voceira do Grupo Municipal Socialista, Dona Sonsoles López, di que non entende porque o ten que facer Deputación se se trata dun servizo do Concello e do

mesmo xeito que se fan outras actividades como as Rutas de Sendeirismo e se lle dá publicidade; tamén se podería facer co parque Biosaludable.

O Sr. Alcalde resposta que igual non sabe que por parte da Vicepresidencia Primeira da Deputación na súa Área de Deportes se ofrece o programa “todos a xogar”, plan xestionado pola Fundación Balogal tendo un programa dirixido á terceira idade, de carácter gratuíto para o Concello.

Dona Sonsoles López resposta que si coñece o programa e que lle parece estupendo que polo Concello se faga uso deste programa e lle dé publicidade.

O Grupo Municipal do Grupo Popular súmase á Moción presentada engadindo:

“Dirixirse á Vicepresidencia Primeira da Deputación na súa Área de Deportes, para que dentro do programa “todos a xogar”, plan xestionado pola Fundación Balogal, de carácter gratuíto para o Concello, dirixido á terceira idade se imparta un obradoiro e se ofrezca ao público, por parte de un monitor, unhas clases para indicar o uso correcto dos distintos aparatos e incluso uns esquemas de uso combinado dos mesmos do Parque Biosaludable existente no Paseo Ruxidoira”.

Procedeuse á votación da Moción, resultando aprobada pola unanimidade dos dez Concelleiros que asisten á sesión, (oito do grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal Socialista) sendo once o número legal de membros.

## **6º. ROGOS E PREGUNTAS.**

Dª. Sonsoles López Izquierdo como voceira do Grupo Municipal Socialista presentou formalmente (Rex. entrada n 1133 de data 13.09.11) as seguintes preguntas:

1. ¿Cal é o plan previsto para a parcela de Pol na que este verán estiveron traballando operarios do Concello?
2. ¿É parcela municipal?

Respecto de cal é o Plan previsto, o Sr. Alcalde resposta que se trata dun espazo público das Parroquias de San Martín de Castro e San Mamed de Castro, un Patronato que fixo no seu momento a Escola e co fin de que non se deteriorara máis a parcela nin a edificación realizáronse traballos na mesma.

Asemade o propio Patronato, está a traballar para a cesión da citada propiedade ao Concello para que por parte deste se acepte e se poña en valor a través dun centro social ou centro de interpretación. Polo que o carácter da parcela non é municipal pero está en visos de selo.

Dª. Sonsoles López Izquierdo como voceira do Grupo Municipal Socialista presentou formalmente (Rex. entrada n 1135 de data 13.09.11) o seguinte rogo: “Tendo en conta a dispoñibilidade de locais municipais sen uso, rogamos contar con local a disposición do grupo socialista”.

O Sr. Alcalde resposta que non hai locais dispoñibles nin na Casa do Concello, nin na Casa do Médico xa que está ser utilizado pola Escola de Música, Correos e clases particulares, nin na Cámara Agraria xa que se utiliza para a impartición de cursos e por Asociacións, e o Mercado Gandeiro non parece o lugar máis adecuado.

**FOLLA Nº 6**

De todos os xeitos, como se está a facer ata agora, non hai ningún problema en que cando o precisen, soliciten un local.

**E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e vinte minutos do vinte e dous de setembro de dous mil once, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.**

**Visto e praxe**

**O Alcalde**

**O Secretario-Interventor**

En cumprimento do disposto no art. 56.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e art. 196.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, remito:

- Acta da sesión ordinaria, celebrada polo Pleno da Corporación, en data 22 de setembro de 2011.

**Paradela, 28 de setembro de 2011**

**O Alcalde-presidente**

**José Manuel Mato Díaz**

**EXCMO. SR. SUBDELEGADO DO GOBERNO de LUGO**

